

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense


Ano 1.

Nº. 10

Maio-Xuño 2007

D.L. Ou.-67/2006

O Catastro de Ensenada (II) Respostas xerais ao Interrogatorio



1753. Sta. María de Entrimo

Respostas xerais ao Interrogatorio do expediente da Real y Única Contribución correspondente á parroquia de Sta. María de Entrimo.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 5 h, 61 fol.; 305 x 220 mm

AHPOu, Fondo Delegación Provincial del Ministerio de Hacienda de Orense, Catastro-1935


Seguramente, nin **Fernando VI**, nin o **marqués de la Ensenada**, sospeitaron que estaban ofrecendo aos historiadores do futuro a fonte máis rica referida a unha época determinadas tanto polo volume informativo como polo seu grao de detalle.

De entre toda a documentación do Catastro, as **Respostas xerais ou Interrogatorio** (tamén chamados **estados A**) son as que ofrecen unha imaxe xeral máis completa da realidade socioeconómica de cada unidade catastrada a mediados do século XVIII. Trátase de información bastante xenérica cuxos datos (número de veciños, produción agraria, extensión das terras dedicadas a monte e a cultivo, cabana gandeira, actividades artesanais e industriais, profesións liberais, etc.) poden ser máis precisos nas **respostas particulares** (libros reais e persoais, que se analizarán en números vindeiros) ou mesmo non concordar con estas, por error ou por **fraude** nas declaracións.

Neste número de *Fronda* reproducense tres imaxes procedentes do Interrogatorio da parroquia de **Sta. María de Entrimo**, xunto coa **transcripción** da resposta número tres que aparece no centro.

O texto impreso da esquerda é o *Interrogatorio*, un formulario oficial de **40 preguntas** que se enviou a todas as poboacións da Coroa de Castela para ser respondidas polos veciños. Destácase con maior tamaño a **pregunta número tres** que, ademais de inquirir sobre a extensión e límites da localidade catastrada, pide que se represente a **"figura" do contorno da freguesía**, tal como se fai na imaxe da dereita. O habitual foi facer un debuxo aproximado do contorno da freguesía, pero nalgúns casos, como este, detalláronse os distintos lugares ou aldeas a través dun "croquis" que pretende representar a organización espacial das unidades de poboamento da parroquia. No documento aparece Sta. M^a. de Entrimo como matriz xunto coas freguesías anexas de S. Tomé de Venceáns e S. Lourenzo da Illa. Noutras provincias mesmo se poden atopar representacións de cada casarío coloreadas con gran minuciosidade.

Na provincia de Ourense, un *Interrogatorio* pode referirse a unha **xurisdicción** integrada por varias parroquias, a unha soa **parroquia**, ou á porción dunha parroquia, sexa ou non cunto redondo.



Paisaxe agraria e actividades agropecuarias

A maior parte das preguntas do *Interrogatorio* refírense ás actividades agrarias, nas se ocupaba a mediados do século XVIII a inmensa maioría da poboación. Nas preguntas 4 a 8 obtense unha imaxe moi completa da **paisaxe agraria**: indícase a extensión de terra cultivada e a que está a monte, e dentro da primeira se é de secaño ou regadío, e canta está dedicada a viña, a pasto, a horta, a souto de castañas e a plantío de carballos. Ademais, enuméranse as especies de árbores de froita e como se atopan distribuídas.

Sobre a **producción agraria**, as preguntas 11 a 16 revelan cales eran os cultivos da localidade (tipos de cereais, hortalizas, froitas ...), que produtividade media tiñan anualmente por unidade de superficie e que prezo acadaban no mercado. Mesmo é posible coñecer de maneira indirecta a produción de cada cultivo a través do que se pagaba en concepto de **décimo** (preguntas 15 e 16), e o número de cabezas de cada especie de **gando** (preguntas 18, 19 e 20). Un dato de gran interese é o da **rotación de cultivos** por ser indicativa do grao de desenvolvemento da agricultura de cada zona.


As preguntas 9 e 10 aportan valiosísima información sobre o **sistema de medidas tradicional** que se utilizaba en cada localidade (ferrados ou tegas, cuartos, copelos, cavaduras, fanegas, varas ...) que, como é ben sabido, presenta unha gran variabilidade ao longo de todo o territorio e que, na maior parte dos casos, aínda convive hoxe co sistema métrico decimal.

Industria e servizos

Tamén é posible unha achega aos sectores secundario e terciario, que a mediados do século XVIII tiñan pouco peso no conxunto da economía, particularmente no mundo rural. As **actividades artesanais e industriais** adoitan reducirse a muiños de fariña, aceas, e algún batán (pregunta 17). Máis abundantes son os **establecementos comerciais** de distinto tipo, dos que informan as preguntas que van da 29 á 39: tabernas, mesóns, panadarías, carnizarías ..., así como **barcas de río** e as **feiras** que se celebran e a data delas.

A **composición socioprofesional** da poboación pódese coñecer a partir das preguntas 31 a 34, nas que se dá conta do número e nome das persoas dedicadas a actividades distintas da labranza, como escribán, médico, mestre, tecedora, albanel, xastre, ferreiro, carpinteiro, etc. Neste apartado tamén se indica o número de xornaleiros e de pobres.

Ao final da maioría dos *Interrogatorios* pódese atopar un anexo cunha **lista de oficios** como a que vemos na imaxe da dereita, ás veces en forma de “relación jurada”. Dan resposta ás mencionadas preguntas 31 a 34 agrupando ás persoas de cada localidade segundo o oficio que exercen e indicando a media de ingresos que obteñen anualmente nesas ocupacións. Ademais, a estas listas poden acompañar **certificados** de confesados e comungados e certificados de rendas diversas (décimos, primicias, foros...).



Propiedade colectiva, fiscalidade...

Aparte da información estritamente económica as Respostas xerais aportan outra serie de datos de gran interese como o **número de veciños**, de **casas**, **pontes** e **hospitais** de cada localidade, así como se está sometida a xurisdición señorial (con indicación dos dereitos do señor) o a reguengo.

Na pregunta 23 decláranse as propiedades colectivas como **montes comunais** e/ou “**proprios**” dos concellos. Estes últimos eran bens de titularidade municipal e podían ser de goce colectivo ou arrendados a particulares para obter ingresos que cubriran parte dos gastos do concello. Esta información aínda ten **valor legal na actualidade** e é admitida polos tribunais de xustiza para acreditar a titularidade de bens colectivos por parte de comunidades de veciños.

Tamén se declara o montante dos **impostos** que cada comunidade veciñal pagaba á Facenda Real (alcabala, servizo ordinario e extraordinario, etc.) e que se pretendían substituír pola Real e Única Contribución, así como os “gastos del común”, é dicir aqueles gastos que teñen que cubrir os veciños para pagar os salarios dos cargos e empregados do concello, o arranxo de fontes e camiños, etc.